



**A.C. Banda de Gaitas  
Mar de Arousa**  
**GRUPO FOLKLÓRICO DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO**

A Banda de Gaitas *MAR DE AROUSA* nace como tal, no mes de xuño do ano 2005, sendo a súa sede social e local de ensaio, o antigo Módulo de Baile de Bamio. Os compoñentes iniciais foron 23 xóvenes baixo a dirección do profesor Agustín Lorenzo, e sendo o fundador o seu presidente, Xaquín García.

Os gaiteiros procedían de diversos grupos de gaitas de lugares próximos: Vilagarcía de Arousa, Guillán, Vilanova de Arousa, Bexo, Rianxo, Carril, Abalo, Dimo, etc. sendo todos alumnos do citado profesor, Agustín Lorenzo.

A primeira actuación como Banda de Gaitas *MAR DE AROUSA*, foi nas festas de San Xoán de Bamio, o día 26 xuño de 2005. Nos seus comezos, o grupo estaba formado por gaitas, tamboriles, bombo e pandeiretas; así tamén, parte dos seus compoñentes forman o Grupo de Baile.

Tras a súa legalización como Asociación Cultural, axiña se asinan convenios de colaboración ca Exma. Diputación Provincial, formando parte do "Plan Cultural" e tamén co Concello de Vilagarcía e Vilanova de Arousa. As seguintes actuacións serán na Guadalupe de Puebla de Sanabria e Rianxo. E así un longo traxecto de actuacións ao longo da xeografía galega.

Convínanse os ensaios da Banda coa aprendizaxe da escola de gaitas, da que se irá formando canteira propia e que irá nutrido con novos compoñentes. O longo da súa curta historia e de maneira desinteresada, participan e colaboran en galas benéficas contra o cancro, serán e festas en concellos próximos.

No ano 2007 a Banda adquire unha nova dirección a cargo do profesor José Manuel Acha, do Grupo de Gaitas Maquía de Godos.

O Grupo de Baile, a cargo de Nati, Fefa e Arantxa (antigua compoñente da "Perla de Arosa").

No ano 2007, e de man do presidente da Casa de España en Kiel (Alemaña), Don Fernando Álvarez; participa no macro festival de Kieler Voche, representando o folklore español, nesta ocasión, a Banda, irá reforzada cos gaiteiros de "Maquía" de Godos.

Tras un gran éxito en Kiel, foron comprometidos cun ano de antelación para o ano seguinte, condeándose con grupos de todo o mundo e de gran calidade musical. Unha productora alemana gráballes un CD e adícalles un programa de televisión do Holstein. Así tamén, o periódico de máis tirada de Kiel o "Kieler Natrichen" adícalles outra portada.

Tras varios avatares da agrupación, en novembro do 2008. prodúcese unha renovación de directiva, facéndose cargo coma presidenta, María-Mercedes Abalo.

No 2009, celébrase o “I Serán de Mar De Arousa”. A partir de ahí, comeza unha nova etapa e o grupo diminúe o seu número de compoñentes; perdendo a posibilidade de ir a moitas actuacións, xa que os máis pequenos, todavía non aprenderan a tocar os instrumentos. Tamén faise un cambio de local de ensaio, que será a unitaria de Vilar.

No 2010, cámbiase a Arantxa por o que será o novo profesor de baile, Gorka Loureiro; e chegan novos compoñentes cada vez mais xóvenes. Ao longo do ano saen novas actuacións, e pouco a pouco o grupo vai medrando.

En marzo de 2011, MAR DE AROUSA volve a cambiar de local de ensaio, o novo Centro Socio-Cultural de Bamio. Máis adiante intégrase Carmen Rey, como nova profesora de pandeireta. A finais do 2011, faise un novo cambio de directiva, quedando como presidente José Alcalde, entre a nova directiva, intégranse compoñentes do grupo para así ter unha voz dende dentro.

No nadal do 2011, a profesora de pandeireta, Carmen Rey; crea un novo acontecemento, “O Aguinaldo”, neste día, tódolos compoñentes de MAR DE AROUSA van tocando e cantando panxoliñas polas rúas.

Xa no 2012, MAR DE AROUSA, participa no seu primeiro concurso de Baile Tradicional “Tequexeteldere” na Estrada (Pontevedra), acadando o 3º posto da categoría D. Isto axudou a MAR DE AROUSA a ser máis recoñecida por toda Galicia e favorece as novas contratacións, invitacións a festivais e seráns e, moitas reportaxes de televisión, coma na Romaría Vikinga (Catoira) ou no Carmen dos Pincheiros (A Pobra do Caramiñal). Polo que a directiva decide crear o “I Festival Folklórico e de Baile Tradicional MAR DE AROUSA”, o que asistiron grupos coma “A Ponte Vella” de Teo, “Xiada” de Cornazo, “Xirandola” de Silleda e “Rancho Folklórico As Moleirinhas das Marinhas” de Portugal; cabe destacar que os portugueses acolleron tan ben a invitación que invitáronnos a facerlles unha visita no seu 30º Aniversario.

Tras varios meses o grupo acada máis de 50 compoñentes de tódalas idades e a directiva e profesores deciden partir as clases formando novos grupos de baile: A.C. MAR DE AROUSA - Os remuíños ; A.C. MAR DE AROUSA - A pedregheira e A.C. MAR DE AROUSA (Grupo Oficial); e as clases de Pandeireta, Tamboril, Bombo e Gaita en grupos de pequenos e grandes.

En novembro de 2012, celébrase o “II Serán de Mar de Arousa”, esta vez con magosto popular.